

# Francisco Carballo, entrevista cun ilustrado

## A Nosa Terra publica un libro de conversas co crego nacionalista

X.C.  
**A Nosa Terra ven de publicar *Conversas con Francisco Carballo*, un libro de entrevistas, realizado por Santiago Prol e Xan Carballa, no que Carballo debulla diferentes aspectos do seu pensamento como crego, nacionalista galego e historiador.**

"Dubidei moito en colaborar nun libro así, porque a miña é unha biografía sinxela. Inflúen en que fose temática, centrada en dous temas principais: Galiza por unha banda e o cristianismo e a súa posíbel utilidade pola outra. Procurei entender o cristianismo como fenómeno que evolúe no tempo, que recolle unha experiencia de milenios, que tivo diferentes realizacións, que se inculturou de maneira perigosa pero eficaz na patristica de Roma, e desas rendas vivimos aínda hoxe. Ou adopta un paradigma diferente ou non serve para nada. Sobre iso discutimos e ese era o tema principal que me interesaba. O outro era o tema da nación, dos povos, dos colectivos humanos, da relación entre os grupos e os individuos. Nesas análises buscamos a madurez, a liberación".

O libro é o produto de vinte horas de grabación nas que Carballo debullou os temas que máis lle interesaba pór en claro, e axudan a construír a imaxe pública dun verdadeiro animador da cultura do país nos últimos trinta anos. Un ilustrado que desde o seu compromiso de renovación cristiá, participou intensamente nunha mancha de iniciativas políticas, culturais, de información e de recuperación histórica.

### Un home do seu tempo

A presenza de Francisco Carballo nos anos da Transición é constante en toda canta iniciativa se producía no nacionalismo, formando parte dun grupo de

cregos renovadores que desde diferentes posicións axudaron no lanzamento dun proxecto político nacionalista que se retomaba en clave de esquerda despois de atravesar a Ditadura. Carballo viña de exercer o seu labor dentro da congregación paúl, na que tivo importantes responsabilidades en Euskadi, e sobretudo en Salamanca. Chegado a Vigo nos primeiros setenta, cun fado de cregos renovadores, prodúcese na súa vida un punto e aparte, sobretudo na súa actividade pública que comeza a sumarse a diferentes iniciativas.

A Carballo atopámolo como fundador de Promocións Culturais Galegas, a empresa editora de *A Nosa Terra*, en 1977, da que foi presidente durante varios anos. Presidiu tamén durante un longo período a Asociación Cultural de Vigo, acaso na etapa máis vizosa desta agrupación, que como tantas outras por todo o país, serviron de acbillo do activismo antifranquista e nacionalista. Todas esas tarefas combinounas cun compromiso político decidido, que mantén até hoxe, e que fixo que en 1977 fose candidato ao Senado e no 1982 primeiro da lista ás Cortes pola coalición Bloque-PSG.

A súa faceta como historiador e ensaísta foi sempre en clave galega. Como el dixo na presentación do libro, o pasado 31 de maio en Vigo, "o meu traballo como historiador entendino como unha escola liberadora. Porque a historia foi moitas veces o grande instrumento de dominación, o instrumento dos poderosos, pero tamén é un instrumento da crítica do poder e de esporear aos grupos sociais e aos individuos, se se usa co seu propio carácter científico".

Precisamente un texto seu sobre historia contemporánea de Galiza, editado en 1978, provocou un dos episodios máis dolorosos na súa vida, cando despois do 23 de febreiro foi denunciado e sufriu un

proceso por afirmar que en agosto de 1975 "Xosé Ramón Reboiras fora asasinado". Daquela pedíanlle prisión, na estea do endurecemento político que se viviu após o golpe de Estado. Carballo fora un dos animadores daquela *Historia*

de Galicia colectiva, e anos despois retomou o proxecto en *A Nosa Terra* impulsando ao seu redor un núcleo de historiadores (Anselmo López Carreira, Bieito Alonso, Lois Obelleiro,...) que constitúen un verdadeiro grupo renovador.

O libro percorre todos estes procesos, e detense polo miúdo na visión sobre a relixión que ten un Carballo que fala de cristianismo sen censuras e sen ataduras respecto das opinións da Igrexa oficial, que fustiga con forza no seu discurso público. ♦

### Un crego rebelde

**Hai xente relevante dentro da Igrexa que chegou a dicir que "Francisco Carballo é unha ovella descarreirada".**

Diríavolo algún amigo por telo ouvido, hai xa moitos anos, a tantos "tartufos" como hai entre os frades e cregos. Os que ben me coñecen téñenme dito o contrario, téñenme advertido de tendencias xansenistas, é dicir exixentes. Eu sempre observei a lei, tiven sumo respecto das normas. Busquei, si, reformar normativas, regulamentos, etc., confío nas reformas fondas que transformen

situacións decrépitas. Teño que recoñecer que debo gratitude a frades e cregos polas deferencias recibidas na miña vida, pero débolle máis aos laicos. Na transformación do teólogo en Salamanca e na miña opción social e política en Vigo desagradei os conservadores e reaccionarios. ♦

### Candidato político

**Chegan as primeiras eleccións do 15 de xuño de 1977 e prodúcese a túa entrada na vida política en primeira liña**

**ao presentarte como candidato ao Senado pola circunscrición de Ourense.**

Viviamos nun pisiño, chamoume Paco Rodríguez e colleume de sorpresa. Ata aquela a miña militancia era na UTEG. Estaba na Asociación Cultural, onde asistín a unha asemblea que tivo importancia na que dixen que me doía que houbera tanta tensión e incapacidade para chegar a acordos, considerando que tería moi malas consecuencias. Non tomei partido. Eu non son de decisións espontáneas pero chamáronme igual, e seica en Ourense xa me propuxeran. Non

me definira por ningunha das posicións que se debatían e pensaba máis ben na recuperación dunha posición unitaria. Sempre tentei a conformación dun só proxecto político dentro do nacionalismo de esquerdas. ♦

### Autodeterminación

**¿Cal é solución para Galiza no exercicio de autodeterminación?**

Non renunciar ás conquistas precisas para a nosa identidade nacional e dunha sociedade libre e igualitaria. Neste momento in-

tentar un Estado plurinacional, loitar por intervir nas institucións europeas directamente, estar activamente nos grupos que traballan por unha Europa dos pobos e do acceso destes a nacións. Urxe tanto a mellora económica como a cultural do conxunto, empezando polos peor dotados. Temos que ollar ónde están os movementos sociais de resistencia á dominación para dialogar ata lograr puntos comúns. O gran paso autodeterminante é a adquisición da maioría electoral no Parlamento de Galiza. Logrado iso, o horizonte ilumínase. ♦

(De *Conversas con Francisco Carballo*)



CALROS SILVAF